

G2002009 - ProxectoTERRA. A construción do territorio e da paisaxe. Plan Proxecta

SESIÓN PRÁCTICA.

DURACIÓN: 2 horas.

A práctica que se propón consiste en crear unha actividade utilizando o manual de PAGUS ou calquera outro material complementario do Proxectoterra presentado neste curso dentro do ámbito da paisaxe.

A ligazón onde podedes atopar este material é <http://proxectoterra.coag.es/>

A actividade poderá ser deseñada tanto para a materia de paisaxe e sustentabilidade como para calquera outra na que, de xeito interdisciplinar ou a través de centros de interese, poida ser traballada a paisaxe coma obxecto de estudo.

Pode centrarse nun ou varios eixos de traballo tratados: A percepción, as sensacións, a identificación, a análise, a mirada crítica, a paisaxe e as manifestacións artísticas, ...

Exemplo: Unha actividade que aproveite algún aspecto do dossier teórico, sobre unha das láminas, que recolla un aspecto desenvolvido en varias láminas, que serva para algunha conmemoración do DOGA, sobre algún vídeo, os spots, catro lugares - catro estacións, a banda deseñada da Mansión dos Pampín, un caderno de campo para un intercambio territorial, actividade a partires dunha saída no entorno, ...

O que si é importante é que sexa aproveitable na meirande parte dos centros aos que pertencemos sexan do medio rural ou urbano, de litoral ou de interior, de tamaño grande ou pequeno,..., polo que se procurará que sexa o suficientemente aberta e versátil.

Cando menos, a actividade debe conter:

1. Título
2. Nivel educativo
3. Materia ou materias/centro de interese elixido para seleccionar os contidos
4. Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe e competencias clave que cumpra
5. Temporalización
6. Material preciso para desenvolvela
7. Descrición da actividade
8. Rúbrica de avaliación

De xeito voluntario poden achegarse calquera tipo de material fotográfico e/ou audiovisual ou as ligazóns a onde dirixirse.

A tarefa subírase en formato PDF na aula virtual do curso, no apartado “Tarefa non presencial” por medio da participación no foro creado para tal fin. Este foro permite adxuntar os ficheiros precisos.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/course/view.php?id=1921>

co nome Nomeeapelidos_PracticaPaisaxeProxectoterra.pdf

O prazo de entrega será até o 10 de decembro de 2020.